

LAS NOVIAS DEL SUR + PLATÓNICO, PLATÓNICA

1441

Elena López Riera / Xacio Baño

ESTREA EN NUMAX: 13.01.2025 | V.O. | +7 | 37 min + 9 min

“Platónico, Platónica”

Xacio Baño | 2024 | 9:00

Que é o amor? Como o imaxina unha intelixencia artificial? Ante unha cuestión plenamente contemporánea, Xacio Baño constrúe un ensaio visual sobre a semiótica da imaxe. Premio NUMAX Exhibición en Intersección - Festival Internacional de cine de A Coruña 2024.

“Las novias del sur”

Elena López Riera | 2024 | 37:00

Mulleres maduras falan do seu matrimonio, da súa primeira vez, da súa relación íntima coa sexualidade. Na repetición destes ritos ancestrais, a directora cuestiona a súa propia ausencia de matrimonio, de fillos, e con elo, unha cadea de relacións nai-filla que se extingue.



A expresión dun mandato social

Por Áurea Ortiz Villeta

A partir dunha foto de voda da súa nai, a cineasta Elena López Riera formula algunhas preguntas arredor do matrimonio, o sexo e a parella. Faino, como remarca no seu parlamento en off, desde a súa condición de muller de 42 anos solteira e sen fillos, alguén que está moi lonxe da experiencia vital da súa proxenitora. E traslada esas cuestións a seis mulleres de idades maduras, entre os 50 e os 104 da maior delas (impagable a súa achega) para que conten a súa vida en parella e como viviron o amor e o desexo. Os testemuños son diversos, pero, desde a que encarou ilusionada a súa vida de casada até a que casa sen ganas porque era o único que podía facer, todas coinciden na decepción que supuxo a vida matrimonial, convertida na aceptación dun rol secundario sen axencia e dunha molestia coa que había que convivir.

A forza dun documental así concibido está, naturalmente nos testemuños. Neste caso, a naturalidade coa que revelan os detalles da súa vida íntima, bos e malos, e confrontan a súa vivencia do desexo e a sexualidade, é un dos puntos fortes da mediametraxe. Tamén, ao escoitalas, somos conscientes de que a súa experiencia ten un valor colectivo. Por iso, á foto da voda da nai da cineasta, únense outras imaxes de noivas na súa voda, que a cámara escruta buscando na súa expresión sinais e emocións. Porque ese ritual, o da voda, é a expresión dun mandato social. As mulleres que falan son elas mesmas coas súas circunstancias particulares e, á vez, percibímolos como representantes dunha concepción do matrimonio e a familia construída sobre roles de xénero inamovibles e desiguais. Sen nomear conceptos como patriarcado ou machismo, estes están omnipresentes nos relatos destas mulleres que, con toda franqueza e naturalidade contan como sufriron, aceptaron, encararon ou superaron segundo os casos.

Do sentimento ao tópico

Por Áurea Ortiz Villeta

Unha curta sobre o amor que é, tamén, un ensaio visual sobre a semiótica da imaxe. Porque falar de amor é falar da súa representación e, hoxe en día, de como os medios de comunicación de masas constrúen ese concepto vital que é, á vez, un sentimento íntimo e intransferible e, inevitablemente, un tópico. A curta preséntase como unha parodia dun documental didáctico, cunha voz en off obxectiva e neutra e a súa montaxe de arquivo, trufada de humor e unha intelixente ironía que amplía a parodia á IA, á que se acorda para entender a cuestión. O autor pídelles representacións que expresen o amor e o único que obtén son clichés e imaxes defectuosas, demostrando a incapacidade da IA para responder ás grandes preguntas da humanidade e para ofrecer algún tipo de verdade.

Publicado en Caimán. Cuadernos de Cine (nº195, xaneiro 2025)